

22-23-24-25-26 de abril de 2013



CURSO:

WEBMARKETING: EMPRENDER NA REDE

PONENTE:

VINCENZO B. ROMANO



Organizado por: Asociación Club Emprende M.A.S. en colaboración co
Concello de Santiago de Compostela

PROGRAMA

Introducción ó curso

Internet é un mundo potencialmente infinito, un espazo sen límites que creou novas regras no mercado e na vida de todos. A potencia e a influencia que este medio ten pódese medir simplemente notando como en menos de dez anos a metade das horas da vida da maioría da xente no mundo occidental convertéronse en horas “conectadas”. Traballo, estudos, documentos, información, aficiones, ocio, política, interacción social...todo móvese a través de ordenadores e outros aparellos conectados á rede.

O problema é que moitas persoas pasan todas estas horas en internet sen “conciencia”, e aínda hai moitos usuarios máis espabilados que saben cómo funcionan as cousas en internet e o beneficio económico que o noso tempo online da a moitas empresas, pérdense completamente na enorme cantidade de información.

Internet é un lugar onde talento, capacidade, intelixencia e unha boa actitude dan resultados a longo prazo e onde todos poden beneficiarse.

Non estamos falando do mito de “facerse rico” grazas a internet, ou gañar cartos sen traballar. Beneficio pode ser simplemente dar a coñecer a persoas interesadas o que estamos facendo, aínda que estas persoas vivan ó outro lado do mundo, falen outro idioma, teñan outra relixión e outra cultura. Ou pode, co tempo, empezar a promover a nosa figura profesional, o noso talento, e sacar proveito, chegando a ter un diñeiro extra facendo o que nos gusta e que co tempo, a constancia e o traballo pódese transformar nunha verdadeira empresa, ou nunha idea exitosa e revolucionaria que involucrará a millóns de persoas.

*Todo isto, claro, **cos coñecementos e as técnicas adecuadas e, sobre todo, CON CREATIVIDADE.***

Bloques de contido

Bloque 1.

Introducción ó curso.

As diversas formas de marketing en internet.

Marketing Viral e Marketing de Guerrilla.

Conversacións: a clave do marketing no 2.0.

S.E.O.

Bloque 2

WEBMARKETING: emprender na rede

A publicidade en internet, datos, números e “facts”. Os efectos da publicidade en internet na economía.

A importancia de posicionarse nos motores de búsqueda para calquer negocio, empresa ou proxecto.

Posicionarse NON é anunciarse.

Bloque 3

S.E.O. para todos, non é preciso coñecer linguaxes de programación, html e ser experto informático para optimizar as nosas páxinas para os motores de búsqueda.

Regras, exemplos prácticos e exercitacións (algoritmos de Google, Ferramentas para o Seo...etc...)

Bloque 4

O potencial dun blog.

Afiliacións.

Squeeze Pages: *conseguir unha base de datos sen molestar ós usuarios.*

Bloque 5

Ser empresario dun mesmo: *traballar como freelance en internet.*

As mellores plataformas.

Traballos FREELANCE en internet: *o extraño caso no cal a creatividade e o talento son realmente o máis importante.*

Bloque 6

Invertir en coñecementos: *A importancia das pasións e das aficións, informarse constantemente e ampliar a nosa cultura e coñecemento.*

Bloque 7

Vender en internet: *produtos e “infoprodutos”.*

O mellor vendedor é o que non está vendendo.

Bloque 8

Mitos e lendas do marketing en internet, é dicir, o que non hai que facer.

**A orde dos contidos É INDICATIVA e pode variar, sendo o argumento moi dinámico, variado e constantemente actualizado cada día.*

HORARIOS

Turno de mañan

Luns 22, martes 23, mércores 24 e xoves 25 de abril de 2013 de 10 a 14 horas.

*Total de horas lectivas: 16

Turno de tarde

Luns 22, martes 23, mércores 24 e venres 26 de abril de 2013 de 16 a 20 horas.

*Total de horas lectivas: 16

LUGAR DE CELEBRACIÓN

Edificio CERSIA EMPRESA sito en Alcalde Raimundo López Pol, S/N (San Lázaro), en Santiago de Compostela.

Pódese ir nas liñas de autobús urbán 6, C5 e C6.



CUSTO

20€

Deberán ser aboados na conta bancaria que se cita a continuación, indicando no concepto o nome completo do interesado e a palabra Webmarketing.

Banco Santander

Titular: Asociación Club Emprende MAS

Número de conta: 0049 1727 43 2410019266

WEBMARKETING: emprender na rede



O ingreso poderá facerse ata o 19 de abril.

DESTINATARIOS

Emprendedores, persoas con iniciativa, estudantes e público en xeral.

INSCRIPCIÓN

Do 1 ó 19 de abril de 2013 no enlace:

https://docs.google.com/forms/d/1D8CIH_pY8AMw2xKxFv4-WKYYPUSU0bLbdugtVpgo7OI/viewform?sid=2bf9a61aabbcd4e0&token=rOKpbz0BAAA.ED26xjYcX1LDIjXA2YtbSA.x060mDegpPHyvZir1pwu4A

ou a través da páxina web www.clubemprendemas.es